

A EMPERATRIZ REBELDE

1035

Marie Kreutzer, 2022

ESTREA EN NUMAX: 02.12.2022 | V.O.S.E. | 105 min | +12

No Nadal de 1877, Sissi Emperatriz celebra o seu 40 aniversario e non hai asomo de felicidade arredor dela: é xulgada constantemente polos seus propios fillos e vive submisa na súa beleza en decadencia polo paso do tempo. Abafada polas normas, e cun apetito voraz de saber e de vida, Isabel de Austria rebélase cada vez máis contra as imposicións, na busca da emoción da xuventude.

«Vicky Krieps é a Sissi da era
#MeToo, da era moderna. Unha

Sissi inmensa»

CINEMANÍA



Entrevista con Marie Kreutzer: «As expectativas coas que tivo que lidar Sissi seguen impoñéndose ás mulleres de hoxe»

Que lle interesou de Isabel e que pensa das películas de Sissi protagonizadas por Romy Schneider? En realidade, non vira a triloxía de Sissi ata que empecei a investigar para *A emperatriz rebelde*. Pero, por suposto, as representacións de Sissi estaban por todas partes. Vivo en Viena desde 1996, e o seu rostro aparece centos de veces en todas as tendas de recordos. Sissi é, sen dúbida, a principal atracción turística da nosa cidade. O proxecto comezou cando Vicky Krieps me propuxo facer unha película sobre Sissi con ela. Eu contesteille: “Para que?” Pero nalgún lugar do meu interior a idea latexaba e ao cabo dun tempo empecei a ler sobre ela. Achegueime ao material cunha mentalidade absolutamente aberta, sen saber se sairía algo sobre iso; só quería ver se había algo que me conmovese e atraese. E axiña descubrín que esa era a fase da vida de Isabel na que, por unha banda, empezaba a rebelarse contra toda a cerimonia e, por outro, comezaba a illarse; unha época na que, evidentemente, non podía encaixar nun modelo predeterminado. Hai esa sensación de ter que estar sempre á altura dunha imaxe esaxerada dunha mesma, xa que é a única maneira de obter recoñecemento e amor; iso pareceume extremadamente interesante e universal.

A súa emperatriz Isabel vive nun apertado corpiño de autocontrol e censura social. Ao principio esfórzase por estar á altura das súas propias aspiracións, así como por satisfacer as expectativas do público de que se axuste a unha imaxe idealizada. Durante décadas contribuíu a consolidar esa imaxe co seu culto á beleza e a súa icónico peiteado trezado. Pero Isabel fíxose maior, e está farta a de representar unha imaxe de perfección. É só un problema de Isabel ou unha situación constante na vida das mulleres? Non me interesaría se iso fose un problema para ela. Moitas das expectativas coas que tivo que lidar Isabel seguen impoñéndose ás mulleres hoxe en día. Ser fermosa segue considerándose o trazo máis importante e valioso dunha muller. O progreso histórico non alterou iso, a pesar do movemento feminino e a emancipación. As mulleres seguen sendo consideradas menos valiosas se teñen sobrepeso ou son maiores. Unha parella feminina atractiva segue elevando o status dun home. A única diferenza entre entón e agora é que antes se falaba abertamente diso: “Todo o que tes que facer é ser atractiva, por iso te elixín, por iso estás aquí”, dille Francisco José a Isabel. En 2022, as mulleres deben facer moito máis e cumprir moitas máis expectativas, pero tamén deben manterse belas, delgadas e novas. A partir de certa idade, as mulleres non gañan nada co que fan; son acusadas de vaidosas se se operan, pero se non o fan, a xente comenta as súas engurras. É un problema particular para as mulleres que están na mira do público, como Isabel, pero aféctanos a todas porque teñen unha especie de función emblemática.

Que importancia tivo para vostede a exactitude histórica n'*A emperatriz rebelde*?

Para min era importante, como sempre, coñecer as regras para poder rompelas. Realicei unha investigación moi profunda sobre esa fase da vida de Isabel, pero tomeime moitas liberdades co contido e a forma ao convertelo nunha narración cinematográfica. Todos os erros que contamos ou representamos non foron algo que simplemente ocorreu cando estabamos a rodar, senón que foron decisións artísticas. Nunca me interesou gravar un filme bonito e ordeado. Pero, por suposto, foron os feitos (que Isabel non mostrase o seu rostro a partir de certa idade) os que realmente inspiraron a trama, o que espertou esta historia dentro de min. Despois de todo, é increíblemente convincente darse conta de que ela esencialmente desapareceu diante dos seus ollos.

Entrevista con Marie Kreutzer: «As expectativas coas que tivo que lidar Sissi seguen impoñéndose ás mulleres de hoxe»

Que lle interesou de Isabel e que pensa das películas de Sissi protagonizadas por Romy Schneider? En realidade, non vira a triloxía de Sissi ata que empecei a investigar para *A emperatriz rebelde*. Pero, por suposto, as representacións de Sissi estaban por todas partes. Vivo en Viena desde 1996, e o seu rostro aparece centos de veces en todas as tendas de recordos. Sissi é, sen dúbida, a principal atracción turística da nosa cidade. O proxecto comezou cando Vicky Krieps me propuxo facer unha película sobre Sissi con ela. Eu contesteille: “Para que?” Pero nalgún lugar do meu interior a idea latexaba e ao cabo dun tempo empecei a ler sobre ela. Achegueime ao material cunha mentalidade absolutamente aberta, sen saber se sairía algo sobre iso; só quería ver se había algo que me conmovese e atraese. E axiña descubrín que esa era a fase da vida de Isabel na que, por unha banda, empezaba a rebelarse contra toda a cerimonia e, por outro, comezaba a illarse; unha época na que, evidentemente, non podía encaixar nun modelo predeterminado. Hai esa sensación de ter que estar sempre á altura dunha imaxe esaxerada dunha mesma, xa que é a única maneira de obter recoñecemento e amor; iso pareceume extremadamente interesante e universal.

A súa emperatriz Isabel vive nun apertado corpiño de autocontrol e censura social. Ao principio esfórzase por estar á altura das súas propias aspiracións, así como por satisfacer as expectativas do público de que se axuste a unha imaxe idealizada. Durante décadas contribuíu a consolidar esa imaxe co seu culto á beleza e a súa icónico peiteado trenzado. Pero Isabel fíxose maior, e está farta a de representar unha imaxe de perfección. É só un problema de Isabel ou unha situación constante na vida das mulleres? Non me interesaría se iso fose un problema para ela. Moitas das expectativas coas que tivo que lidar Isabel seguen impoñéndose ás mulleres hoxe en día. Ser fermosa segue considerándose o trazo máis importante e valioso dunha muller. O progreso histórico non alterou iso, a pesar do movemento feminino e a emancipación. As mulleres seguen sendo consideradas menos valiosas se teñen sobrepeso ou son maiores. Unha parella feminina atractiva segue elevando o status dun home. A única diferenza entre entón e agora é que antes se falaba abertamente diso: “Todo o que tes que facer é ser atractiva, por iso te elixín, por iso estás aquí”, dille Francisco José a Isabel. En 2022, as mulleres deben facer moito máis e cumprir moitas máis expectativas, pero tamén deben manterse belas, delgadas e novas. A partir de certa idade, as mulleres non gañan nada co que fan; son acusadas de vaidosas se se operan, pero se non o fan, a xente comenta as súas engurras. É un problema particular para as mulleres que están na mira do público, como Isabel, pero aféctanos a todas porque teñen unha especie de función emblemática.

Que importancia tivo para vostede a exactitude histórica n'*A emperatriz rebelde*?

Para min era importante, como sempre, coñecer as regras para poder rompelas. Realicei unha investigación moi profunda sobre esa fase da vida de Isabel, pero tomeime moitas liberdades co contido e a forma ao convertelo nunha narración cinematográfica. Todos os erros que contamos ou representamos non foron algo que simplemente ocorreu cando estabamos a rodar, senón que foron decisións artísticas. Nunca me interesou gravar un filme bonito e ordeado. Pero, por suposto, foron os feitos (que Isabel non mostrase o seu rostro a partir de certa idade) os que realmente inspiraron a trama, o que espertou esta historia dentro de min. Despois de todo, é increíblemente convincente darse conta de que ela esencialmente desapareceu diante dos seus ollos.